

Á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Asunto: Alegacións á solicitude de autorización administrativa previa, á autorización administrativa de construción e ao estudo de impacto ambiental do parque eólico Cordal-Ousá e a súa infraestrutura de evacuación, nos termos municipais de Friol, Begonte, Rábade, Outeiro de Rei e Castro de Rei (provincia de Lugo), promovido pola mercantil «Eólica de Cordales, S.L.» (referencia do expediente IP LU11/140-EOL-NT).

D./Dña _____, con DNI _____, e enderezo a efectos de notificación en _____,

pola presente comparece ante esta administración e, como mellor proceda en Dereito, **DI**

1. Que no Diario Oficial de Galicia núm. 251, do 30 de decembro de 2025, sométese a información pública as solicitudes mencionadas no encabezamento do presente escrito.
2. Que non entendo conforme a dereito a autorización solicitada, en tempo e forma, procédense a formular as seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- Acerca do desenvolvemento anárquico e á marxe de avaliación ambiental estratéxica do sector eólico en Galiza. A expansión eólica actual non foi sometida a unha avaliación ambiental estratéxica como plan conxunto, tal e como esixe a Lei 21/2013. Ademais, existe unha clara falta de coordinación e planificación entre as infraestruturas proxectadas, o que evidencia a desorde coa que se están a tramitar numerosos proxectos eólicos e as súas liñas de evacuación.

SEGUNDA.- Sobre o incumprimento da normativa de ordenación do territorio. O parque eólico Cordal-Ousá incumpre a normativa vixente en materia de planificación eólica e ordenación do territorio. O seu emprazamento está excesivamente afastado do punto de conexión á rede eléctrica, o que obriga a unha liña de evacuación de case 30 km, contravindo o Plan Sectorial Eólico de Galicia e a Lei 8/2009, que limitan a lonxitude destas infraestruturas. Ademais, o proxecto incumpre varias Directrices de Ordenación do Territorio ao carecer do preceptivo proxecto sectorial, non xustificar a idoneidade do emprazamento nin avaliar alternativas, e non respectar os criterios establecidos para os tendidos eléctricos aéreos.

TERCEIRA.- Acerca da complexidade técnico-xurídica do presente procedemento e da feble posición dos particulares afectados a respecto dos seus dereitos de participación no mesmo. A participación da veciñanza no trámite de información pública, aínda que numerosa, non garante unha participación real e efectiva. A complexidade técnica do proxecto e o curto prazo para presentar alegacións dificultan o exercicio deste dereito, xerando unha clara situación de desigualdade entre as promotoras, con amplos medios e respaldo normativo, e a cidadanía afectada, que carece de recursos e protección suficiente.

CUARTA.- Sobre a concorrencia do presente proxecto con outro proxecto eólico autorizado. Xa existe unha autorización previa (2015) para un parque eólico Cordal-Ousá, promovido pola mesma empresa e situado na mesma área, sendo ambos proxectos incompatibles. Polo tanto, a resolución do expediente actual debería declarar expresamente a extinción da autorización anterior e incorporar a renuncia formal da promotora. Ademais, o proxecto actualmente en tramitación non é unha renovación do autorizado en 2015, senón unha nova solicitude con instalacións e afeccións diferentes, o que implica a obriga dunha nova avaliación de impacto ambiental e o cumprimento íntegro da normativa vixente, incluídas as distancias mínimas establecidas pola Lei 8/2009.

QUINTA.- Sobre a inadecuación do proxecto á “Zonificación ambiental para enerxías renovables: Eólica e Fotovoltaica”, definida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. O MITECO elaborou unha zonificación da sensibilidade ambiental do territorio para avaliar a idoneidade de proxectos renovables. Segundo esta ferramenta, a práctica totalidade das infraestruturas do parque eólico proxéctanse en áreas de sensibilidade ambiental máxima, consideradas polo propio Ministerio como incompatibles coa implantación de novos parques eólicos por tratarse de zonas de exclusión debido ao seu alto valor ambiental, ecolóxico e territorial.

SEXTA.- Sobre a grave afección a espazos naturais protexidos. O Parque Eólico Cordal-Ousá e a súa liña de evacuación presentan afeccións ambientais graves ao atravesar espazos protexidos da Rede Natura 2000, áreas propostas para a súa ampliación, elementos da Infraestrutura Verde de Galicia e a Reserva da Biosfera Terras do Miño, sen unha avaliación adecuada nin estudo de alternativas. Estas afeccións comprometen a conectividade ecolóxica, os obxectivos de conservación e a protección da paisaxe, facendo o proxecto ambientalmente incompatible e xustificando unha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable.

SÉTIMA.- Sobre as afeccións á saúde. Proximidade das infraestruturas proxectadas a asentamentos. As infraestruturas do Parque Eólico Cordal-Ousá xeran riscos relevantes para a saúde humana e animal, derivados do ruído, efectos visuais e luminosos, radiación electromagnética, riscos físicos e impactos no benestar e na saúde mental. A normativa autonómica (Lei 8/2009) establece distancias mínimas aos núcleos de poboación para protexer a saúde, réxime que neste proxecto se incumpre no caso de varios aeroxeradores, situados a distancias inferiores ás legalmente esixidas respecto de núcleos rurais e entidades de poboación existentes. Ademais, non se realizou unha análise rigorosa dos efectos sinérxicos ou acumulativos do conxunto de aeroxeradores, o que pode xerar impactos máis graves incluso sobre asentamentos situados a maior distancia. A liña de evacuación eléctrica tamén presenta afeccións significativas, ao sobrevoar ou discorrer moi próxima a numerosos núcleos rurais, vivendas e explotacións agropecuarias, con posibles riscos asociados á exposición prolongada a campos electromagnéticos, así como a incendios e outros perigos. Tampouco se avalían de forma suficiente os impactos dos treitos soterrados da liña, que afectan a núcleos habitados e instalacións industriais sensibles. En conxunto, a falta de cumprimento das distancias legais e a ausencia dunha avaliación sanitaria completa fan o proxecto incompatible coa protección da saúde pública.

OITAVA. Sobre a afectación a puntos de abastecemento. O cordal onde se proxecta o parque eólico funciona como zona de recarga e drenaxe natural de acuíferos que alimentan mananciais, fontes e sistemas de abastecemento utilizados pola poboación local. As obras asociadas aos aeroxeradores poden alterar de forma significativa estes procesos hidrolóxicos, especialmente ao non existir un estudo hidroxeolóxico específico. O proxecto afecta a unha área da que depende o sistema municipal de abastecemento de Begonte xa vulnerable e con episodios recorrentes de escaseza estival. A falta de análise sobre as conexións entre as zonas de recarga, os mananciais e as captacións existentes impide avaliar adecuadamente o impacto do proxecto sobre os recursos hídricos e o subministro de auga á poboación.

NOVENA. Sobre a avaliación insuficiente dos impactos sinérxicos das liñas eléctricas sobre a Rede Natura 2000. A ZEC Ladra–Parga–Támoga atópase xa saturada de infraestruturas eléctricas, e a incorporación dunha nova liña aérea de evacuación incrementaría de forma crítica a fragmentación do hábitat, a perda de conectividade ecolóxica e o risco para a avifauna e os hábitats fluviais. O Estudo de Impacto Ambiental analiza o proxecto de maneira illada, sen identificar nin avaliar os impactos sinérxicos e acumulativos derivados da coexistencia de múltiples liñas eléctricas, incumprindo a Lei 21/2013 e a Directiva Hábitats. Tampouco se estudan alternativas que eviten novos cruzamentos da Rede Natura 2000 nin se avalían os efectos acumulados dos campos electromagnéticos, especialmente en corredores xa saturados como o entorno da subestación de

Ludrio. Estas omisións invalidan a avaliación ambiental realizada e impiden garantir a integridade do espazo protexido, facendo inviable a autorización do proxecto nos termos propostos.

DÉCIMA.- Sobre a afección ao Camiño de Santiago. O proxecto eólico sitúase a escasa distancia do Camiño Norte e do Camiño Primitivo de Santiago, itinerarios declarados Patrimonio Mundial pola UNESCO, desde os que as instalacións serían amplamente visibles. A presenza de aeroxeradores de gran altura e das infraestruturas asociadas xeraría un impacto paisaxístico severo, continuo e irreversible, alterando de forma substancial as panorámicas históricas e a percepción cultural do Camiño de Santiago. O propio estudo reconece esta visibilidade sen propoñer medidas correctoras eficaces nin alternativas de localización, infravalorando un impacto non mitigable. En consecuencia, o proxecto resulta incompatible coa protección do patrimonio cultural e paisaxístico e debe ser rexeitado nos termos propostos.

DÉCIMO PRIMEIRA. Sobre as afeccións socioeconómicas. O proxecto eólico sitúase nun territorio con forte base agrícola e gandeira, clave para a economía local, o emprego rural e a conservación da paisaxe nas comarcas da Terra Chá e Lugo. O Estudo de Impacto Ambiental non analiza a realidade socioeconómica nin avalía os efectos do proxecto sobre a viabilidade das explotacións agrarias, incluídas as de produción sostible e ecolóxica, nin sobre a continuidade da actividade no territorio. A implantación de infraestruturas eólicas de gran escala pode fragmentar o solo produtivo, dificultar a actividade agraria e degradar a calidade ambiental e paisaxística, contradicindo as estratexias de desenvolvemento rural e sustentabilidade dos concellos afectados. A ausencia dunha avaliación socioeconómica específica invalida a análise ambiental e impide valorar correctamente os impactos reais do proxecto sobre a economía local.

DÉCIMO SEGUNDA. Ameaza severa á poboación de mazarico real. Un tramo da liña de evacuación sitúase lindante á zona de seguridade do Aeródromo de Rozas, onde na actualidade se atopa a única poboación reprodutora de mazarico real (*Numenius arquata*) na península Ibérica, atravesando terreos do MVMC Granda de Abilleira e Salgueiros na parroquia de Duarría (Castro de Rei) onde Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ten subscrito un convenio de colaboración con dito monte veciñal para a conservación da poboación reprodutora de mazarico real en Galiza. Esta zona ocupada pola zona de seguridade do aeródromo de Rozas, os terreos colindantes do MVMC Granda da Abilleira e Salgueiros e o mosaico de pastizais periféricos ao citado aeródromo constitúen un área crítica para o Mazarico real, especie en perigo crítico e catalogada en Galicia perigo de extinción. A instalación dun tendido eléctrico constitúe unha ameaza severa para a conservación desta especie.

En base ao anteriormente exposto,

SOLICITO que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, se proceda a resolver negativamente os procedementos de solicitude de autorización administrativa previa do Proxecto Eólico de referencia e a súa infraestrutura de evacuación, considerando a tal efecto as afeccións ambientais concorrentes, así como o resto de consideración manifestadas no presente escrito.

En _____ a _____ de febreiro de 2026

Asinado: